



BERCE DE
ARTISTAS



Concello de
Oleiros

Edita: Concello de Oleiros

Depósito Legal: C 3108 - 2006

Fotografía: Xosé Castro

Impresión: Alva Gráfica

B **BERCE DE
ARTISTAS**



MÚSICA PARA A HISTORIA

❖ Esta publicación pretende ser unha mostra de vida. Un reflexo da sabiduría herdada de pais a fillos. Un intento por plasmar sobre o papel as facianas e as voces dos que hai anos iniciaron un longo percorrido en Oleiros coa única intención de dar a coñecer a riqueza e a diversidade dunha terra comprometida coa súa memoria histórica. Unha sembranza empapada de cultura popular, de costumes arraigados e de tradición xeracional, pero tamén rebosante de futuro, de novas tendencias, de estilos que conforman o panorama actual bebendo do pasado, pero coa ollada nun futuro certo, sólido e prometedor.

Esta publicación pretende ser un paseo pola historia da música, o baile, a danza e o folclore de Oleiros, dende os seus fundadores ata os seus protagonistas. Historias escritas con esforzo, adicación, constancia, unión, convivencia e moitas horas roubadas á familia e ós amigos. Horas de ensaios e actuacións nas que centos de veciños facedes posible que cada nota, cada partitura e cada paso se convirtan en arte, en lembranzas, en sentimentos, en raíces, en terra. Nunha terra viva e dinámica onde a actividade musical leva o nome e apelidos dos que estiveron, dos que un día marcharon e dos que aínda están a subirse ós escearios para gozo e disfrute dos que cremos e amamos dende calquera manifestación cultural e artística.

Esta publicación é o fiel reflexo do compromiso individual, liderado por centos de persoas anónimas, pero tamén do institucional, levado a cabo polo goberno municipal no desempeño dunha constante política de apoio e fomento da música e a danza no eido local especialmente implicado na dotación permanente de novas infraestruturas, entre as que destacan as Casas do Pobo presentes en cada parroquia, así como na recuperación doutros espazos habilitados ó servizo dos veciños para a práctica e o desenvolvemento do noso patrimonio cultural.

Tras fundar as Escolas Municipais de Música e Danza, agora convertidas en auténticos viveiros de arte, o grupo de goberno atópase volcado na súa consolidación coa ollada posta na percura e formación dunha, xa notable canteira de novas promesas, e na defensa dun proxecto colectivo de profesionalización de xoves talentos que convirta en oficio o que ata o de agora é afición.

Dende a primeira e ata a última páxina deste libro vaia o recoñecemento e gratitude do Concello de Oleiros polo que facedes, polo que sodes e, por suposto, polo que representades. Por enriquecer e ensalzar a tradición popular proporcionando innumerables intres de lecer. Grazas por non permitir que o paso do tempo esqueza a esencia do noso pobo, convertíndoo nun selo máis da nosa identidade. Pola nosa banda, dende o goberno local, seguiremos unindo esforzos e recursos para colaborar e promocionar o voso traballo continuo na recuperación dun pasado con máis futuro que nunca.

Grazas a todos.

Ángel García Seoane
Alcalde de Oleiros



ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E DANZA

❖ Ós proxectos colectivos emprendidos no municipio de Oleiros para a divulgación da música protagonizados por centos de oleirenses co único propósito de aflorar parte da riqueza popular que brota da nosa terra, engádense, coa chegada do novo século, dúas iniciativas municipais nas que se conxugan divulgación e aprendizaxe. A formación e a profesionalización adquiren un novo protagonismo coa aparición das Escolas Municipais de Música e Danza. Nas seguintes páxinas amosamos os **comezos**, sempre incertos e temidos; o **crecemento**, con permanentes incorporacións e novas especialidades; e a **madurez**, coa consolidación dos grupos de música e danza, patente no elevado grao de expectación amosado polo público en cada actuación.

◆ ESCOLA DE MÚSICA

- Banda de Música
- Orquestra de Corda Infantil
- Orquestra de Cámara
- Big-Band

◆ ESCOLA DE DANZA



ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

❖ *A danza e a música en Oleiros sempre ocuparon unha posición destacada dentro da actividade municipal. A importancia de rescatar da nosa historia dúas das tradicións populares con máis arraigo na nosa terra constituíu unha teima sen precedentes para o goberno local, comprometido co pasado e confiado no futuro. Así comezou a escribirse con maiúsculas o percorrido das Escolas Municipais de Música e Danza. Dúas historias parellas, con vida e identidade propias pero cuns obxectivos comúns: formar, entreter e amosar a beleza tímida e perenne que se agocha en cada nota e tras cada paso de baile.*

❖ Centos de horas de ensaio, coreografías, intres de esforzo, gañas de superación e o soño alcanzado de todos os que durante anos converteron as clases en escolas e as actuacións en cheos absolutos, ata elevar o seu traballo á categoría de modelo a imitar polas xeracións vindeiras.



Con 188 alumnos, nace en abril do 2000 a Escola Municipal de Música que deberá esperar ata o curso 2000/2001 para comezar a escribir a súa andaina académica. Nesta etapa incorpóranse novas especialidades, quedando cuberta unha ampla oferta de instrumentos musicais á que se suma a ampliación das sesións teóricas colectivas de linguaxe musical e música e movemento, auténticos pilares da escola con 110 cativos matriculados, dos 50 que se inscribían inicialmente. As clases de coro, música moderna e folk causan sensación entre os alumnos máis novos que comezan a ofrecer pequenos concertos dando lugar á aparición do primeiro ciclo da Semana Grande de audicións. Estas actuacións didácticas convírtense en espectáculos multimedia nos que participan os escolares dos diferentes colexios de Oleiros co obxectivo de achegarse ó envolvente e máxico mundo da música.



Son as clases colectivas, formadas por rapaces de 4 a 7 anos, a verdadeira canteira da escola. O viveiro que, día a día, posibilita a aparición de formacións con entidade propia como a **BANDA DE MÚSICA**, que dende o seu nacemento, hai catro anos, bebe de cotío da riqueza imparabile que xurde da formación dos alumnos.



■ BANDA DE MÚSICA



■ ORQUESTRA DE CÁMARA



■ BIG BAND

❖ Na actualidade, A Banda Municipal está integrada por 50 persoas. Entre os seus compoñentes máis novos destacan rapaces de 9 ou 10 anos chegando, nalgunha ocasión, a confluír varias xeracións de oleirenses que, en máis de un caso, superaban xa os 70 anos.

❖ A Escola Municipal segue a recoller os froitos do seu traballo que, ó ano seguinte, darán lugar á aparición de dous dos pilares principais sobre os que se sustenta, hoxe en día, a escola: a **ORQUESTA DE CÁMARA**, a **CORAL POLIFÓNICA (sin consolidar)** e a **BIG-BAND**, un auténtico revulsivo que xurde como resultado das clases colectivas de corda e música moderna.





❖ Ampliáanse as audicións públicas e experimentábase un notable incremento de concertos instrumentais. Durante o curso 2003/2004, xa son 206 alumnos, moitos deles cativos atraídos pola implantación de novos grupos musicais como a Orquesta Infantil de Cordas e a Orquesta Orff.



■ ORQUESTRA INFANTIL DE CORDAS



❖ A inauguración do Auditorio Municipal de Mera, a primeiros do ano pasado, posibilitou a aparición sobre un mesmo escenario de todas as agrupacións integradas nunha Escola que, a día de hoxe, conta con máis de 300 alumnos matriculados en vinte e catro especialidades orientadas á formación e profesionalización dos nosos mozos e cativos, pero tamén nunha Escola pensada para entreter e divertir, para descubrir a capacidade oculta de quen sabe escoitar máis alá dun son, e capaz de incitar e comover a centos de melómanos expectantes por comprobar os froitos dun proxecto de futuro, labrado a fogo lento e xa consolidado no municipio.





❖ *CONCERTOS DIDÁCTICOS*

Sen dúbida, os concertos didácticos son unha das principais actividades complementarias organizadas pola Escola Municipal de Música. Grazas á colaboración e compromiso de todos os colexios públicos de Oleiros, os escolares do municipio teñen a oportunidade de achegarse a descubrir un mundo aínda descoñecido para algúns. A organización desta iniciativa resposta a un interese municipal colectivo por divulgar e promover a diversidade de estilos e tendencias actuais tentando, á vez, espertar a sensibilidade artística e auditiva que centos de rapaces teñen agochada.



❖ As actuacións didácticas, protagonizadas por músicos profesionais, algúns deles, mestres da Escola Municipal, completan un extenso programa de concertos, festivais e audicións celebradas durante o curso escolar, e sempre ben recibidas polo público oleirense, capaz de entregarse ante a actuación maxistral dunha orquestra profesional e admirar, con asombro, a ilusión e a perfección que sobre o escenario deixan os alumnos dunha escola convertida en creadora de arte.



ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA

❖ *A súa incursión no panorama escénico é case parella á da Escola Municipal de Música, apenas un ano máis tarde. O Concello de Oleiros aposta pola implantación deste proxecto convencido da necesidade de promover e difundir a danza ante a situación de abandono que estaba a sufrir no noso país. Os vínculos para acadar tal obxectivo pasaron pola educación e a madurez dun público pouco habituado a este tipo de representacións artísticas, a cabalo entre o teatro e a coreografía, e a formación de base técnica clásica entre un tímido alumnado, composto na súa inmensa maioría por nenas de Oleiros.*

❖ O traballo de aprendizaxe sempre estivo vencellado a unha mestra de mestres, bailarina en escearios internacionais e compoñente de numerosos ballets de recoñecido prestixio, ademais do promovido por ela mesma alá polo ano 1998. Trátase de Carmen Roche Rubio, na actualidade acompañada por cinco profesoras máis, encargadas de impartir danza, música e teatro entre os 104 alumnos inscritos a tempada pasada, na que destacou unha elevada participación de nenos, cada vez máis atraídos por estas disciplinas.



❖ Pero a finalidade última deste órgano municipal é moito máis ambiciosa, culminando na profesionalización dos cativos para convertelos en promesas da danza e primeiros bailaríns axeitadamente cualificados, pero tamén en especialistas en coreografía, mestres ou directores de escea. Por iso, reciben clases nas que a creatividade artística se mestura coa aprendizaxe de técnicas de ballet clásico, neoclásico e contemporáneo, valorando ademais capacidades e habilidades como a memoria, o sentido rítmico, a elegancia ou a expresividade corporal. Un traballo posible só con constancia e formación. Claves para unha axeitada preparación física, técnica e artística que precisa dun longo período de sete anos, máis tres de prácticas escénicas. Un verdadeiro reto que pon a proba a vocación dos aspirantes con madeira de bailaríns.





❖ Unha vez máis, son as cifras as que falan do incesante e notable aumento da escola, cunha gran aceptación entre os veciños de Oleiros, pese á curta andaina percorrida. Tirando das estatísticas comprobamos que nos últimos cinco anos se triplicou a matrícula superando xa a barreira dos cen nenos con respecto ós 32 que había no 2001, divididos en debutantes e preparatorios, ós que agora se suman os de primeiro, segundo e terceiro ciclos, con idades comprendidas entre os catro e os trece anos.





❖ *AS ACTUACIÓNS*

Cada aparición dos alumnos da Escola Municipal de Danza convértese nun espectáculo de primeira liña, despertando o interese entre os veciños de Oleiros e máis dun amante da danza procedente doutros municipios.





❖ A posta en escea, os movementos coidados ata o máis mínimo detalle e a complexidade dalgunhas das obras recreadas, convierten cada actuación nunha coreografía propia de grandes figuras do ballet. Sempre acompañados polos bailaríns de Carmen Roche, cada evento adquire unha notable relevancia, repercutindo directamente na consolidación da danza na nosa comunidade, á que contribuímos coa nosa particular aportación. Pero aínda queda moito por facer e un novo reto á vista: a creación dunha compañía profesional de danza, como resultado de tanto esforzo e traballo continuo, por parte dos integrantes da escola e do Concello de Oleiros.





AGRUPACIÓNS FOLCLÓRICAS

❖ A tradición musical forma parte da prolífica actividade cultural e do extenso patrimonio histórico que envolve cada recuncho de mar e de terra no Concello de Oleiros. A sólida consolidación do movemento asociativo posibilitou a aparición, nos últimos trinta anos, de numerosos grupos folclóricos, na súa maioría, dentro do seo das agrupacións de veciños como unha vertente cultural que, ó pouco, adquiriría identidade e autonomía propias. Unha longa lista de persoas anónimas movidas polo desexo ilusionante e un arraigado compromiso histórico para recuperar o patrimonio popular e oral transmitido de xeración en xeración.

A continuación, pasamos a esbozar unha pequena semblanza de cada unha delas recollendo a súa historia, ós seus protagonistas e o particular percorrido emprendido por cada un dos grupos de baile tradicional galegos, gaitas, pandeireteiras e cantareiras nados en Oleiros.

- ◆ ALOIA (Mera). Agrupación Cultural de Pandeireteiras.

- ◆ A MAROLA (Mera). Agrupación Cultural de Baile, Gaitas e Pandeireteiras

- ◆ DORNA (Dorneda). Grupo de Baile e Gaitas

- ◆ FOLLIÑAS (Oleiros). Agrupación folclórica de Baile, Gaitas e Pandeireteiras

- ◆ FROUMA (Santa Cruz). Agrupación Cultural de Banda de Gaitas

- ◆ HÓRREO (Iñás). Grupo de Baile e Gaitas

- ◆ OS RUEIRIÑOS (Nos). Grupo de Baile e Gaitas e Pandeireteiras

- ◆ SANTAIA (Santa Cruz). Grupo de Baile e Gaitas e Pandeireteiras

- ◆ SEMENTE NOVA (Perillo). Agrupación Artística e Cultural. Grupo de Baile e Gaitas



ALOIA PANDEIRETEIRAS

❖ A HISTORIA

Aínda que os rexistros de inscrición legal datan do ano 2002, conta xa cunha longa e dilatada traxectoria que se remonta ó 1988, cando un grupo de mozas de Oleiros comprometidas coa tradición musical, fortemente arraigada no noso municipio, deciden espallar os sons da terra por distintos escearios da comarca.

O seu nome, de xénero feminino, significa alalá ou canción. Nel resúmese a filosofía e ideosincrasia dunha formación composta por mulleres que pregoan coa música a diversidade de historias contadas de pais a fillos, algunhas esquecidas e outras en desuso pero que noutrora foron relatadas ó carón da lareira para entreter, divertir e consoar a xeracións fartas de traballo e carentes de molete.

❖ OS PROTAGONISTAS


Seis mulleres, de entre vinte e trinta anos, dan voz e vida a dúcias de contos, cantigas meigas e lendas mouras de outrora, cargadas de retranca e sabiduría popular. Seis cantereiras e pandeireteiras que, coa súa voz e o son dun anaco de coiro labrego engarzado nun corpo da madeira, se acompañan de tres gaiteiros para preservar do olvido un patrimonio folclórico con selo propio, adaptando algunhas pezas para transmitir a súa particular concepción sen desvirtuar a súa condición tradicional.



❖ O PERCORRIDO

Coñecida é por todos a súa colaboración con outras entidades participando na celebración de concursos, festivais e encontros musicais. Son moitos os concertos e intervencións realizados a petición de varias agrupacións oleirenses que gustan de pór ós seus eventos a guinda dunhas das mellores voces tradicionais galegas.

Tamén no veciño país luso saben da súa existencia convidándoas a participar, en festivais internacionais deixando moi alto o listón de Oleiros. Un listón sen pretensións nin lucros máis alá da recuperación das Aloias dos nosos antepasados.



B

BAILE E GAITAS A MAROLA

❖ A HISTORIA

Hai xa 25 anos que para moitas xeracións de oleirenses, A Marola de Mera non é tan só un fermoso illote rochoso na inmensidade do bravo mar da nosa costa. Coincidindo co Golpe de Estado de febreiro do 1981, que fixo fraquear por unhas horas os primeiros pilares da democracia, xurde na localidade de Mera un movemento veciñal fortemente enraizado na terra e cun denominador común: recuperar as cántigas e os bailes que encheron de riqueza e diversidade este pequeno recuncho de vida.

A súa única ambición foi sempre a de rescatar do olvido o que estaba condenado a desaparecer: a esencia dunha localidade mariñeira estrictamente vencellada á súa paisaxe. Dende entón e ata os nosos días, diferentes xeracións conviven en ensaios e actuacións movidos, unicamente, polo son das gaitas, os tambores e as pandeiretas que rezuman un forte olor a tradición e historia.

❖ OS PROTAGONISTAS

Na actualidade a Agrupación Cultural A Marola está composta por 55 mozos con idades comprendidas entre os 5 e os 32 anos, divididos en catro grupos de baile (maiores, medianos, pequenos e minis) que alternan a danza popular coa súa participación na Banda de gaitas "Fontornela", integrada por 30 rapaces dende o ano 89, e no grupo de Cantareiras, composto por 23 rapazas da asociación hai xa sete anos.

O coreógrafo Abel Domínguez Amado, xunto cos mestres de música e canto José Taboada e Paula Cordero, compoñen o actual equipo docente, que conta entre os seus antecesoros con figuras destacadas como Jeannine Rima, francesa afincada en Mera, ou Carlos Peón, os dous responsables da formación do nutrido grupo de bailaríns que iniciaron este longo percorrido hai agora vintecinco anos.



❖ O PERCORRIDO

Dende entón, Asturias, Cantabria, Castela, Almería, El Escorial foron testemuñas mudas das súas actuacións, que tamén traspasaron as nosas fronteiras para visitar o país veciño de Portugal, chegando a súa difusión internacional a través das canles da Televisión Española e Autonómica.

Reflexo da intensa actividade que desenvolve é a celebración da tradicional **mostra folclórica** que organiza a agrupación no mes de xullo na súa localidade natal, como máximo expoñente dunha mestura de culturas e costumes.





❖ Froito do seu traballo e esforzo continuo é un amplo repertorio cheo, entre outros, de muíñeiras, maneos, fandangos e xotas.



❖ A Marola é unha das numerosas formacións que están a transmitir, nos nosos días, a pureza do folclore galego.



❖ Comezaron sendo un cento de veciños que só pretendían divertirse e entreter facendo o mesmo que xa facían os seus bisavós.





GRUPO DE BAILE E GAITAS DORNA

❖ A HISTORIA

Comezaron hai 21 anos como unha actividade máis organizada polo S.C.R. Dorna, de Dorneda. Pero co paso do tempo o seu esforzo e constancia por recuperar a forte tradición folclórica existente na súa localidade para espallala polo mundo fixo que o grupo de baile, gaita e percusión se convertira nun dos máis comprometidos coa difusión cultural e histórica de Oleiros. Proba dilo é o padriño musical de excepción co que contan dende o seu nacemento profesional, un dos coros galegos con maior prestixio internacional: Cantigas da Terra.

❖ OS PROTAGONISTAS

Na actualidade está integrada por 20 persoas con idades comprendidas entre os 3 e os 73 anos. Un exemplo de superación e convivencia entre diferentes xeracións de oleirenses que comparten unha mesma filosofía: recuperar a autenticidade da música e o baile dos nosos ancestros convertíndo cada actuación nunha festa popular que non deixa indiferente a ningún espectador. Para os membros da agrupación, boa parte do seu recoñecemento artístico ten dous claros culpables: o seu mestre de baile e actual arquivista de Cantigas da Terra, Anton Fernández Rivero, e o de gaitas, José Luis Galán Ferro, compoñente -entre outros- do grupo folk Citania.



❖ O PERCORRIDO

No seu currículo profesional recóllense moitos dos éxitos acadados en diferentes escearios da xeografía galega e parte da española ademais das súas incursións no país veciño, a última delas no verán do 2005.

Outra das súas facetas máis coñecidas é o gusto polas xuntanzas e as xornadas de convivencia intercultural destacando a participación internacional que o ano pasado veu da man da formación portuguesa “Rancho San Pedro de Roriz”, onde tamén participaron a práctica totalidade dos grupos de Oleiros e o seu padriño artístico.





❖ A máis soada, sen dúbida, consiste na organización da romaría folclórica que se celebra no mes de setembro e que xa acadou este ano a súa 5ª edición cun elevado éxito de participación chegando a congregar a numeroso público interesado en descubrir o encanto que envolve todas as súas actuacións musicais.





❖ O Grupo Dorna está especialmente volcado na formación e consolidación da nova canteira. Os máis cativos son garante da continuidade dunha agrupación comprometida coa súa memoria histórica.





AGRUPACIÓN FOLLIÑAS

❖ A HISTORIA

As súas orixes están estreitamente vencelladas á Asociación de Veciños Miraflores nacente no seo cultural da entidade alá polo 1981. Sete anos máis tarde desvincúlanse para iniciar a súa particular viaxe en solitario pola música tradicional popular. Na actualidade, a formación, pertencente á parroquia de Santa María de Oleiros, conta con entidade e autonomía propias dende a constitución dos seus estatutos hai xa oito anos.

A recuperación da danza tradicional é, xunto coa interpretación do sons folclóricos, un dos principais obxectivos da agrupación dende a súa fundación. Esta inqueda queda manifesta nos seus integrantes mediante a creación das escolas de baile, gaita e percusión, coa intención de divulgar e preservar, ó longo dos anos, os nosos costumes. Unha auténtica ferramenta útil para rescatar da memoria os sons máis puros empregados, historicamente, para transmitir lendas e vivencias alentando máis dunha xuntanza de solda ó carón quente da lumarada.



❖ OS PROTAGONISTAS

Corenta rapaces convértense, en cada ensaio e con cada actuación, nas testemuñas directas dunha herdanza convertida en patrimonio popular. As súas idades oscilan entre os catro e os trinta anos, mostra do espírito novo e da ilusión coa que afrontan este proxecto presente pero tamén futuro. Entre as súas mans, gaitas, bombos, tambores e pandeiretas arrincan melodías con sabor a xota e muiñeira, ribeirás e pandeiradas, acompañándose, ás veces, das voces dos que coa palabra reviven tempos pasados para aflorar sentimentos e experiencias doutros séculos.

❖ O PERCORRIDO

Folliñas leva visitado numerosas cidades e pobos da xeografía galega para participar en romarías e festivais folclóricos polo territorio nacional e internacional chegando a países como Francia e Portugal, próximos pero distintos. Entre outras honras, destaca a organización da XII e XIII edición da Xuntanza Mariñana, referente local da tradición folclórica e mostra viva do dinamismo cultural existente en Oleiros.

Un proxecto colectivo, protagonizado por mozos e mozas da parroquia de Santa María.





BANDA DE GAITAS FROUMA

❖ A HISTORIA

Xa pasaron catorce anos dende que un grupo de mozos gaiteiros do Concello de Oleiros decidiran agruparse baixo un mesmo son para entoar a música tradicional galega como un único grupo, algo practicamente inexistente ata ese momento no ámbito de influencia da área metropolitana de A Coruña. Tras moitas reunións con mozos de diferentes localidades do termo municipal e longas xornadas de ensaio, debutan na celebración da XII Xuntanza Mariñana celebrada en terras oleirenses no ano 93.

Pero non será ata o 95 cando se dean a coñecer como Frouma, que significa aroma, converténdose nunha banda de gaitas cun repertorio de calidade que pretende recoller a labor iniciada por distintos grupos folclóricos da Comarca das Mariñas dándolle continuidade ata os nosos días. A promoción da música popular galega é o pulo dunha formación entregada a rescatar do olvido unhas das máximas expresións da nosa cultura tradicional. Proba diso é o amplo abano de actividades que realizan entre as que destacan os cursos de solfeo, con gran aceptación entre os que gustan da gaita galega.

❖ OS PROTAGONISTAS

Na actualidade está integrada por 20 persoas aínda que chegaron a ser 70, constituíndo unha mestizaxe cultural diversa e arraigada con veciños procedentes de A Coruña, Sada, Betanzos, Cambre, Culleredo e Arteixo ademais dunha ampla representatividade local. Recoñecidos gaiteiros de Cántigas da Terra, Santaia, Os Rueiriños, Balbordo e outros moitos decidiron sumarse a un ambicioso proxecto con sons da terra baixo as primeiras ensinanzas dun vello mestre da parroquia de San Pedro de Nós.

❖ O PERCORRIDO

A súa bagaxe musical atópase moi centrada no ámbito comarcal e autonómico aínda que tamén realizaron viaxes a diversas cidades españolas.

Dispoñen dunha maqueta, gravada en CD, onde recollen gran parte das súas interpretacións, que tamén poden ser seguidas durante os ensaios xa que dende o 2003 están abertos á participación daqueles gaiteiros da comarca que queiran compartir experiencia e coñecemento a través do corpo dunha gaita.







GRUPO DE BAILE E GAITAS O HÓRREO DE IÑÁS

❖ A HISTORIA

Fundado no ano 1981 pola Asociación de Veciños O Hórreo, da parroquia de Iñás, o Grupo de Baile e Gaitas O Hórreo é un dos máis antigos do municipio, pero mantén aínda vivo o espírito inicial de recuperar unha profunda e abundante tradición popular e darlla a coñecer ós mozos e mozas da parroquia, do concello e de toda a comarca.

A traxectoria da entidade folclórica está vencellada á historia doutro emblema do patrimonio oleirense: o Pazo de Arenaza, ubicado na mesma parroquia e referente indiscutible para os integrantes do grupo. De feito, esa nobre edificación dá nome a dúas das pezas máis significativas do seu repertorio, unha muiñeira e unha xota que interpretan alá onde van.

❖ OS PROTAGONISTAS

Quince mozos e mozas, de idades comprendidas entre os 14 e os 35 anos, conforman os grupos de baile, gaitas e pandeiretas que dan vida ás muiñeiras, pandeiradas, xotas e ribeiranas rescatadas das catro provincias galegas e interpretadas respectando fielmente os sons e as danzas orixinais, así como as coreografías típicas das diferentes zonas de procedencia.

O seu distintivo radica na utilización das tradicionais castañolas, que manexan con habilidade e destreza, convertendo cada espectáculo en arte en estado puro.



❖ O PERCORRIDO

Durante o último cuarto de século, o Grupo de Baile e Gaitas O Hórreo participou en todas as edicións da Xuntanza Mariñana, que desde fai 26 anos reúne a numerosas agrupacións folclóricas da comarca, e mesmo lle correspondeu organizala nos anos 1990 e 2006.

Pero o seu percorrido chega ata terras francesas coa participación en intercambios culturais convidados pola Bagad Voulvriag de Bourbriac, da Bretaña. Tamén actuaron en todo o territorio galego e acudiron a numerosos festivais en Portugal, Asturias ou Murcia.





OS RUEIRIÑOS - NOS

❖ A HISTORIA

Este grupo de danza e baile nace no ano 1977 no seo da Asociación de Veciños Os Rueiros, pertencente á parroquia oleirense de Nos. Convertido no decano dos grupos tradicionais do municipio, erixese como unha das formacións precursoras no eido da música popular na provincia de A Coruña. Os bailes do seu repertorio constitúen unha simbólica e acertada representación do amplo abano do folclore galego popular.

No apartado musical son as pandeiretas, as gaitas e a percusión as encargadas de reproducir melodías e sons que evocan tempos pasados, auténticas reproducións da diversidade dunha terra sempre rica en costumes e bañada de tradicións vivas a golpe de zoco para interpretar muiñeiras, xotas, regueifas, maneos ou pasodobres nos que se narran a vida dos nosos parentes de onte.



❖ OS PROTAGONISTAS

Na actualidade conta con 60 persoas de todas as idades integradas nos corpos de baile e música. Dentro do primeiro establécense tres categorías clasificadas por grupos baixo as denominacións de pequenos, medianos e maiores, mentres que no segundo hai dous de pandeiretas e un de gaitas e percusión. Ademais, dende esta agrupación lévase a cabo un importante labor didáctico e pedagóxico coa consolidación das súas escolas.

❖ O PERCORRIDO

Un dos seus maiores logros radica na organización da XVI edición das Xuntanzas Mariñanas, evento no que participan dende os comezos da súa historia. Actuacións por todo o territorio galego e a participación en festivais e intercambios culturais no resto da xeografía española e portuguesa avalan unha traxectoria repleta de éxitos e loubanzas alí onde van.

Pero o maior exponente do grupo e motivo de satisfacción para todos os seus componentes é o himno propio de “Os Rueiros”, unha peza de letra e melodía, composto por Julio Dans e convertida no seu auténtico selo de identidade. Unha expresión máis do arte popular das xentes que escribiron a nosa historia.





❖ Os Rueiriños conseguiron rescatar do pasado estruturas e formas típicas de cada unha das catro provincias galegas.





❖ As escolas manteñen vivo o espírito dunha tradición, que divulgan entre as novas xeracións de oleirenses.





GRUPO DE BAILE E GAITAS SANTAIA

❖ A HISTORIA

A piques de celebrar as súas vodas de prata constitúe unha das agrupacións máis antigas e con maior tradición artística e folclórica do Concello de Oleiros. Naceu no seo da Asociación de Veciños Santaia, de Santa Cruz, como un fillo máis dunha ampla familia sobradamente coñecida pola abundante actividade cultural, musical e social que realiza dende os seus inicios. Este é un claro exemplo da necesidade irrefreable dun grupo de veciños por saír da inactividade e do anonimato tentando saldar unha vella débeda histórica co noso pasado: a recuperación e conservación da música, o baile e as tradicións populares galegas.

Por iso, dende a súa fundación converteuse en escola permanente onde se pode aprender disciplina artística dende a transmisión dunha filosofía de vida baseada no amor polo propio, pola terra.

❖ OS PROTAGONISTAS

Agora son máis de sesenta veciños, con idades comprendidas entre os catro e os sesenta e cinco anos, os que se soben a un escenario para interpretar as pezas dos nosos antergos espalladas pola xeografía galega ou a daqueles autores que están a conservar o espírito enxebre que escribe as nosas páxinas. O abano de instrumentos está composto por gaitas, tambor, bombo, pandeiretas e pandeiro. A vestimenta é unha loa á Terra das Mariñas con variacións de roupa, de festa e de labor.



❖ O PERCORRIDO

A súa andaina internacional vén da man do país veciño, co que se realizan numerosos intercambios culturais. No 2000 visitaron o berce do folclore convidados pola Bagad Voulvriag, de Bourbriac, na Bretaña francesa. Unha actuación a pé de rúa durante a súa estadia alí deu-lles o pase de honra para pasear o nome de Oleiros polo norte de Italia representando a Galicia e convivindo con outras formacións significativas como Escocia ou a rexión alpina.

Celebracións etnográficas, festas patronais, concursos ou festivais son ocasións excelentes para exhibir arte e intercambiar cultura.





❖ Nas actuacións, a pé de rúa, pódese constatar a diversidade de cores e tecidos dos traxes de festa así como a notable presenza de complementos en prata e acibache.





❖ GRUPO DE GAITAS XARAMAGO

Santaia conta co seu propio grupo de gaitas que, inicialmente, só acompañaba ós bailaríns da agrupación. Ante o reclamo de colectivos e institucións para que os gaiteiros interviran en actos públicos de forma individual xurde Xaramago, un fillo máis da familia, unha nova póla dunha grande árbore que enterra as súas raíces na Asociación de Veciños Santaia.





AGRUPACIÓN SEMENTE NOVA

❖ A HISTORIA

Nace na localidade de Perillo hai vintecinco anos coa pretensión de ofrecer unha formación pedagóxica e musical ós mozos do lugar para rescatar a súa riqueza folclórica popular. Posicionándose como unha alternativa para o ocio, capaz de satisfacer as necesidades existentes nese intre. Pasado un cuarto de século o proceso de maduración derivou na creación de varios grupos especializados en danza, gaita, rondalla e coral.

Dende a agrupación de baile e gaitas se está a levar adiante unha importante labor de investigación e divulgación da música tradicional galega, recompilando numerosas cancións populares, pezas inéditas e outros sons de herdanza xeracional espallados pola nosa xeografía.



❖ OS PROTAGONISTAS

Na actualidade Semente Nova está composta por corenta persoas con idades comprendidas entre os 20 e os 40 anos, principalmente. Deste xeito, queda manifesta a representación de todos os eidos sociais e veciñais en torno ós que nace e se sustenta esta formación, que nos seus inicios chegou a contar con preto de 150 integrantes divididos nas seccións de baile, gaita e rondalla.

Aínda que ó longo da súa traxectoria foron moitas as sementes prantadas especialmente polo seu fundador Eduardo Otero "Pequecho", a colleita segue a ser a mesma pero enriquecida polo paso dos anos, pola experiencia e as vivencias sobor dos escenarios dentro e fóra do noso municipio.

❖ O PERCORRIDO

A súa labor divulgativa fóra do noso concello é moi coñecida e abundante. A súa participación en diversos festivais nacionais e internacionais así como a obtención de varios premios en varios concursos folclóricos, consagran a esta entidade como unha das principais expoñentes da nosa terra paseando o nome de Oleiros por centos de vilas.

Dende hai máis de dez anos os encontros folclóricos convertíronse nunha seña de identidade propicia para o irmanamento, a convivencia e o intercambio con outras formacións.





CORAI S POLIFÓNICAS E RONDALLAS

❖ Pero a diversidade cultural e musical de Oleiros non remata coa extensa relación de agrupacións e escolas activas, vivas e dinámicas existentes no municipio como máximos expoñentes do noso patrimonio popular. A variedade de estilos sempre foi a tónica dominante e o verdadeiro selo de identidade dun pobo vencellado ós sons e á tradición. Proba delo, son as corais e rondallas que abundan en todo o territorio grazas ás voces privilexiadas de numerosos veciños de Oleiros, responsables únicos da promoción e difusión de extensos repertorios nos que a música adquire unha dimensión ilimitada coa inclusión de temas folclóricos, pezas sacras e litúrxicas, habaneras e versións de grandes clásicos da canción española, entre outros. Mostra inequívoca da boa saúde que atravesan estas agrupacións.

◆ AIRIÑOS DE NOS (Nos). Asociación Coral

◆ CORAL POLIFÓNICA DE MERA (Mera)


◆ CORO DE OLEIROS (Oleiros)

◆ LEMBRANZA DE LORBÉ (Lorbé). Sociedade de Lorbé

◆ LEMBRANZAS DE SANTA CRUZ (Santa Cruz). Coral Polifónica

◆ RONDALLA DE LORBÉ (Lorbé)

◆ RONDALLA DE SEMENTE NOVA (Perillo)



CORAL AIRIÑOS DE NOS

❖ A HISTORIA

Aínda que é a formación polifónica máis recente do Concello de Oleiros, con tan só catro anos de vida, a súa masa coral está formada por auténticas veteranas, con idades comprendidas entre os 50 e os 80 anos. Todo un exemplo de vitalidade e superación. Os seus primeiros pasos déronos da man da Asociación de Veciños Os Rueiros, de Nos, pero ó pouco comezaron a camiñar soas grazas á colaboración do Concello coa cesión dun local para os ensaios ubicado na Casa do Pobo da parroquia de San Pedro.

Deste xeito, semana a semana, van facendo realidade o seu soño de disfrutar e entreterse, a modo de terapia, aprendendo e perfeccionando o que máis lles gusta: cantar.

❖ PROTAGONISTAS E REPERTORIO

Esta coral está composta tan só por 16 persoas, todas mulleres, baixo a dirección do único home: Nico Matteo Nicora. Malia a que o repertorio aínda non é moi extenso, na actualidade ofrecen unha pequena mostra dos diferentes rexistros propios dunha polifónica. Clásicos italianos, temas do folclore popular galego e canción española constitúen o groso das súas partituras, nas que teñen cabida tamén as tradicionais habaneras ou as panxoliñas.

❖ O PERCORRIDO

Máis alá do Concello de Oleiros gardan un grato recordo da súa presenza. É o caso do municipio de Ponteceso, onde xa actuaron en varias ocasións e deixaron moi boa impresión entre o público deste concello da Comarca de Bergantiños.

Constancia, esforzo e ilusión fixeron posible que, recién botadas a andar no panorama musical, xa organizasen o seu primeiro encontro de corais, contando co apoio e acompañamento doutras formacións chegadas de diversos puntos da provincia da Coruña.





AIRIÑOS DE NOS

■ **FICHA TÉCNICA:**

Año de fundación: 2002

Nº integrantes: 16. Todas mujeres

Repertorio: Habaneras, canción española,
folclore galego...

Director: Nico Matteo Nicora



CORAL POLIFÓNICA DE MERA

❖ A HISTORIA

Fundada no ano 1991, é unha das corais polifónicas máis antigas de Oleiros. Cun cuarto de século ás súas costas segue fiel ó espírito inicial que lle deu vida, manténdose como firme proposta cultural para cultivar e difundir diferentes estilos de música e empregando para elo, como única ferramenta, as voces mixtas dos seus integrantes. Especial interese adquiren, na súa traxectoria, os temas vencellados á recuperación e realce dos sons tradicionais galegos e algunha que outra peza de orixe máis localista.

❖ PROTAGONISTAS E REPERTORIO

A Coral de Mera está constituída por 45 voces mixtas, correspondentes na súa totalidade a veciños de Oleiros con idades comprendidas entre os corenta e máis de sesenta anos de idade, dirixidas dende hai vinte anos por Pedro G. Suárez. Un corpo polifónico de recoñecida sona dentro e fóra das nosas fronteiras no que a experiencia e a profesionalidade adquiren un valor engadido, situándose nos primeiros postos do panorama musical actual. Esta distinción é froito do esforzo e do traballo continuos que levan a cabo en cada ensaio e materializado en actuacións capaces de congrega a centos de espectadores.

Diverso e extenso. Así é o repertorio dunha agrupación preocupada pola interpretación das pezas máis variadas coa finalidade de mesturar estilos nun intento por abarcar dende o folclore popular galego ata a música sacra e litúrxica, pasando pola realización de versións dos grandes clásicos ou a incorporación de tendencias máis contemporáneas. Un bo exemplo da versatilidade que caracteriza a esta coral reside na súa capacidade para cantar unha misa de Melchor López, mestre da Capela da Catedral de Santiago de Compostela, ou para poñerlle voz ás obras de autores da talla de Verdi, Del Encina, Andel ou Beethoven, ó tempo que interpretan un recital de panxoliñas populares ou algunhas das pezas máis selectas do cancionero español.



❖ O PERCORRIDO

Dende Oleiros ata Portugal, as voces da Coral de Mera resultan familiares para afeccionados e profanos na materia, incapaces de deixar indiferentes a ninguén. Son moitas as celebracións nas que teñen participado e moitos tamén os actos organizados, entre os que destacan a tradicional Xuntanza de Corais, que celebran todos os anos polo mes de xullo, o Encontro de Panxoliñas ou o xa habitual Concerto Homenaxe a Santa Cecilia, patroa da música, en novembro.

A súa extensa e exitosa traxectoria posibilitoulle, en numerosas ocasións, acudir como grupo convidado doutras formacións, paseando o nome de Oleiros por centos de escenarios galegos e mesmo traspasando as fronteiras da nosa comunidade para asomarse á veciña cidade de Xixón.

No seu currículo tamén figura a participación en programas da televisión autonómica orientados á difusión da súa música a nivel internacional. Destacados cantantes galegos teñen colaborado coa formación oleirense na gravación dun disco.



POLIFÓNICA DE MERA


■ **FICHA TÉCNICA:**

Año de fundación: 1991

Nº integrantes: 45 voces mixtas

Repertorio: Canción popular, habanera...

Director: Pedro G. Suárez



C O R O D E O L E I R O S

❖ A HISTORIA

Aínda que se fundou no 1995, a súa presentación oficial realizouse dous anos máis tarde no transcurso dun concerto magno apadriñado pola Coral Polifónica El Eco, unha das máis antigas de España con máis de cen anos de historia. As orixes do Coro de Oleiros están intimamente vencelladas á figura de Julia Eiroa Morandeira que, coa colaboración de Mucha Cajigal, Remedios Mansilla e José Díaz, decide crear un grupo na parroquia de Santa María ante a ausencia de formacións destas características. Tras moitas reunións e logo dun ano de preparación, son quince veciños os que inician un longo percorrido que chega ata os nosos días co triple de voces, acadando así o maior rexistro da súa traxectoria.

No ano 1998, os compoñentes do Coro de Oleiros poñen en marcha un novo proxecto baseado na creación dunha coral infantil, pero apenas un ano despois desaparecería ante a falta de implantación entre a poboación máis nova. Un dos elementos máis salientables da súa carreira é o mantemento e a conservación inalterables do espírito inicial que posibilitou a súa aparición en escea sen deixar de incorporar novas pezas ó seu repertorio.

❖ PROTAGONISTAS E REPERTORIO

Composta por 45 voces mixtas e un repertorio que abrangue composicións de estilos variados, con pezas folclóricas, sacras, habaneras e panxoliñas, entre outros, o Coro de Oleiros conta cun volume de socios que ronda os corenta membros, á marxe da distinción honorífica concedida ó párroco da localidade, D. Guillermo Taboada, pola súa contribución e apoio ó longo da súa traxectoria. Nembargantes, esta cifra chegou a elevarse ata noventa persoas, entre voces, socios e acompañantes asiduos.

Na actualidade, a masa coral está dirixida por Luciano Lago Pampín, quen, ademais de ser mestre de música, conta cunha extensa experiencia na dirección deste tipo de formacións musicais, entre as que figuran algunhas pertencentes a outras localidades do municipio. Dende os seus comezos á fronte do grupo, este experimentou unha profunda transformación, modernizando notablemente o estilo musical das súas composicións, que acadan as 44 cancións e numerosas pezas litúrxicas ata conformar un total de 114 partituras que recuperan boa parte do repertorio inicial da súa carreira.



❖ O PERCORRIDO

150 actuacións e un extenso labor de arquivo e divulgación da nosa memoria histórica avalan un currículo consagrado de éxitos, placas e galardóns. Tamén dispoñen dunha biblioteca propia, ubicada no salón parroquial, na que se amontoan numerosas publicacións temáticas e sobrada documentación. Case unha vintena de cedés e material audiovisual completan un arduo e difícil labor desempeñado durante os seus 11 anos de vida.

As súas aparicións públicas son frecuentes en concertos conmemorativos, festivais e encontros musicais dentro e fóra da provincia coruñesa. Ademais, os integrantes do Coro de Oleiros organizan anualmente un acto para celebrar o aniversario da súa fundación e outro no que se dan cita numerosas agrupacións, procedentes de toda Galicia, no tradicional Encontro de Corais Santa María de Oleiros.

Entre as actividades lúdicas realizadas destacan as viaxes culturais, os programas de intercambio e outras iniciativas promovidas para o entretemento e o tempo de lecer dos seus integrantes e socios, nun intento por mesturar a paixón pola música coa consecución de lazos de amizade e convivencia.

O Coro de Oleiros segue mantendo vivo un proxecto veciñal que non cesa no seu empeño por promocionar a actividade polifónica no municipio. Para conseguilo están a traballar na celebración de novos eventos, así como na incorporación de temas inéditos e cancións pendentes de estrear.



CORO DE OLEIROS

■ FICHA TÉCNICA:

Ano de fundación: 1995

Nº integrantes: 45 voces mixtas

Repertorio: 44 cancións. Música galega, internacional, sacra, misa...

Director: Luciano Lago Pampín



CORAL LEMBRANZA DE LORBÉ

❖ A HISTORIA

A Coral Lembranza de Lorbé xurde grazas á iniciativa dun grupo de veciños afeccionados á música polifónica con intención de espertar entre os restantes residentes da localidade de Lorbé o interese e a ilusión precisos para implantar unha corrente musical de longa tradición no noso país. Javier Fonte Gundín foi o primeiro director deste ambicioso proxecto, que xa vai polos dezasete anos de vida, consagrándose como a decana das corais de Oleiros. Unha traxectoria consolidada que, na actualidade, constitúe un modelo para outras polifónicas, non só do municipio, senón tamén da comarca.

❖ PROTAGONISTAS E REPERTORIO

A agrupación está integrada por 24 persoas, de 40 a 70 anos de idade, que interpretan, divididas en catro voces, un amplo e variado repertorio con obras de estilos diversos entre as que destacan a polifonía litúrxica, popular, habaneras e a música sudamericana, un dos seus principais pratos fortes.

Baixo a batuta da actual directora, Miriam Fernández-Pareja y Marín, quen chega á formación no ano 1993 despois do abandono do seu irmán, Lembranza de Lorbé acada a súa madurez musical, asumindo o reto de interpretar todos os xéneros ó alcance dunha coral e convertendo a localidade de Lorbé nunha destacada embaixadora da tradición polifónica.

❖ O PERCORRIDO

Ás súas costas ten unha longa listaxe de concertos, inauguracións e festivais nos que participou xunto con outras corais galegas. Coa S.C.R. Amigos de Lorbé pon en marcha todos os anos un encontro musical de rondallas e corais que se celebra na Casa do Pobo.

As voces masculinas da agrupación tamén participaron hai tempo na gravación dunha coñecida habanera en colaboración coa Rondalla Albéniz da Coruña, unha das máis antigas e prestixiosas de Galicia.

As súas actuacións fóronse sucedendo dentro e fóra do noso concello, con representacións por toda a comunidade autonómica e mesmo en terras de Castela e León. Tamén formaron parte do cartel de corais convidadas ó Festival de Panxoliñas que Caixanova celebra na cidade de Vigo.





LEMBRANZA DE LORBÉ

■ FICHA TÉCNICA:

Ano de fundación: 1989

Nº integrantes: 24 en 4 voces

Repertorio: Música sudamericana,
popular, litúrxica...

Director: Miriam Fernández-Pareja y Marín



CORAL POLIFÓNICA LEMBRANZAS DE STA. CRUZ

❖ A HISTORIA

Con 12 anos de vida e unha única persoa á fronte da dirección dende os seus comezos, Salvador Gascón Serra, a Coral Lembranzas de Santa Cruz constitúe na actualidade unha das polifónicas máis activas e continuistas do panorama oleirense. Dende a súa fundación, a diversidade temática é unha das súas principais constantes, motivada polo empeño de manter vivos os símbolos culturais dunha terra caracterizada por unha prolífica actividade musical, pero tamén preocupada pola recuperación de tendencias clásicas e a implantación de novos estilos.

❖ PROTAGONISTAS E REPERTORIO

Na actualidade, a formación está integrada por 45 voces mixtas e unha masa coral que ronda os sesenta anos de idade, o que proba a experiencia e o coñecemento constatados dos seus integrantes. Persoas anónimas dispostas a roubar horas ás súas vidas para adicarllas a un proxecto común que segue a desbordar ilusión e talento, dúas claves imprescindibles para facer fronte a longas horas de preparación e esgotadores roteiros que os levan cada ano ata diferentes cidades galegas e portuguesas, principalmente.

O seu repertorio está conformado por preto de cen cancións que beben do folclore popular galego e do cancionero español, mesturándose con pezas modernas, habaneras, música sacra e temas litúrxicos. Unha pluralidade sempre presente e manifesta en cada concerto e intervención pública que realizan, facendo gala dunha profesionalidade propia dos grandes grupos e sabendo conquistar a expertos e profanos.



❖ O PERCORRIDO

Asturias, Cantabria e Portugal forman parte dun importante elenco de cidades convertidas en testemuñas directas, en máis dunha ocasión, dos éxitos acadados por esta agrupación oleirense, que conta xa cunha brillante traxectoria da que se fixeron eco numerosos medios de comunicación galegos e portugueses. No país veciño, os principais xornais sempre destacan a súa presenza pola súa boa acollida que teñen entre o público.

A súa bagaxe musical está repleta de actuacións en festivais, concertos e concursos que lles reportaron diversos premios e distincións. Entre as máis destacadas cabe mencionar a súa participación en eventos internacionais como a IV edición de Música Coral "Auria Canta", de Ourense ou o XVII Certame de Habaneras Cidade de Avilés, en Asturias. Ó longo do ano tamén organizan varios concertos, que coinciden nos meses de xuño, agosto e no Nadal. Teñen gravado un CD no que se recompilan os principais temas do seu repertorio.

Pero Lembranzas de Santa Cruz non só conta no seu currículo con distincións, premios e galardóns. Coñecida é a súa faceta humana e solidaria mediante a promoción de concertos benéficos a favor de organizacións internacionais para a defensa dos dereitos humanos. A súa colaboración co proxecto de Manos Unidas é unha mostra da sensibilidade e do compromiso colectivo patente en cada un dos seus compoñentes.



LEMBRANZAS DE SANTA CRUZ

■ FICHA TÉCNICA:

Ano de fundación: 1994

Nº integrantes: 45 voces mixtas

Repertorio: Más de 90 cancións: moderna,
folclore galego, español...

Director: Salvador Gascón Serra



RONDALLA DE LORBÉ

❖ A HISTORIA

A piques de cumprir o seu vinte aniversario, a rondalla de Lorbé segue a manter vivo aquel espírito emprendedor e o mesmo amor pola música que xestaron o seu nacemento. Dous anos antes da fundación da coral, coa que comparten o protagonismo na organización da tradicional xuntanza musical de Lorbé do mes de decembro, un grupo de veciños deciden emprender unha iniciativa novidosa coa pretensión de enriquecer o panorama musical local, rezumante de folclore, pero carente de repertorios clásicos.

Sen formación algunha comezou unha apaixonante aventura para uns atrevidos oleirenses que, de xeito autodidacta, tiveron que aprender a coller entre as mans algúns dos instrumentos que hoxe manexan con absoluta destreza. Un reto conseguido para un soño convertido en realidade que seguen a mimar como herdanza.

❖ PROTAGONISTAS E REPERTORIO

Quince son os nomes que integran unha rondalla na que se mesturan moitas xeracións, con idades que abranguen dende os 16 ata máis de 60 anos. Baixo as ordes de Severiano Estévez, pai de Francisco -primeiro director fundador xunto con Jesús Garabato- interpretan pezas clásicas de grandes compositores como Mozart, Bach ou Heidel, entre outros, destacando tamén a adaptación de temas de grandes autores españoles.

A permanente ansia de renovación leva a esta agrupación, irmandada coa Rondalla Albéniz da Coruña, a estar sometida a un constante proceso de modernización e a introducir, de seguido, pezas novidasas e actuais que interpretan coa única compañía de bandurras, laúdes, baixo e guitarras.

❖ O PERCORRIDO

As súas actuacións soen ser en recintos pechados pola idoneidade das condicións acústicas que este tipo de lugares soe ofrecer. Así, é habitual ver á Rondalla de Lorbé enriba do escenario dun auditorio, un palacio de congresos ou unha igrexa, aínda que tamén acoden como pasarrúas cada vez que os chaman.

As viaxes realizadas tiveron como destino tanto o municipio e a área metropolitana como calquera cidade do resto de Galicia. Pero a súa singradura máis longa aínda é a que lles queda por emprender: consolidar a escola creada como viveiro para as novas xeracións coa intención de formar unha canteira que dea continuidade a un legado aberto a novas olladas.





RONDALLA SEMENTE NOVA

❖ A HISTORIA

A Rondalla-Coral Semente Nova é unha sección independente e autónoma dentro da Agrupación Cultural, que nace no ano 1981. Dende as súas orixes, os seus integrantes foron recompilando e divulgando pezas tradicionais do folclore popular, de xeito que en pouco tempo conseguiron unha ampla diversidade de estilos e xéneros representativos da realidade galega e española de agora e doutroa.

Comprometidos co pasado, pero tamén co futuro, os integrantes desta formación non descuidaron o labor didáctico como viveiro de aprendizaxe para vindeiras xeracións. A escola de formación constitúe un dos eixos centrais da súa actividade coa finalidade de formar musicalmente ós mozos, recollendo e espallando a música en xeral ó tempo que se constrúe un extenso e prolífico arquivo histórico, patrimonio de todos.

❖ PROTAGONISTAS E REPERTORIO

Na actualidade, a agrupación está composta por vinte persoas que forman parte da rondalla principal, aínda que cabe destacar ós máis de dez alumnos que integran, hoxe en día, a escola de iniciación.

Entre música galega, española, clásica e contemporánea, ademais das cancións relixiosas, panxoliñas, habaneras e temas infantís, superan as 150 pezas, dato significativo da súa continua actividade e os seus recursos inesgotables. Todo iso dá como froito unha extensa e fructífera traxectoria, con sobrada experiencia ás súas costas e poucos compañeiros de viaxe: tan só o son das bandurrias, laudes e outros instrumentos de percusión ó carón do siluetado corpo dalgunha guitarra.

❖ O PERCORRIDO

O seu é un longo camiño feito a base de distancias curtas. Son moitas as actuacións levadas a cabo no Concello de Oleiros, así como nos municipios dos arredores ou na cidade da Coruña, onde teñen participado en festivais, concertos e encontros musicais compartindo escenario con outras agrupacións da zona.

Da man dos grupos de baile e gaitas de Semente Nova, a rondalla tamén deu os seus primeiros pasiños na pequena pantalla grazas a súa participación en diversos programas da canle autonómica.





O Concello de Oleiros quere agradecer a todas as entidades e agrupacións participantes a súa colaboración na aportación documental para a elaboración desta publicación.



**Concello de
Oleiros**